

Obxecto:	Respostas do promotor ao Informe sobre o Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) e o Proxecto Sectorial (PS)
Proxecto:	Parque Eólico Serra do Faro Ampliación II
Concellos:	Rodeiro e Dozón (Pontevedra), e mais Piñor e San Cristovo de Cea (Ourense)
Promotora	Pena da Costa Eólica, SL
Remitido:	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A 2020/17
Expte.:	03.I.710.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía)

O 16.12.2021 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, deu traslado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en diante DXPC) da nova documentación aportada pola entidade promotora en resposta ás consideracións feitas por este organismo no informe do 25.10.2021, relativo aos documentos de EsIA e PS do Parque Eólico Monte Serra do Faro Ampliación II. A este efectos facilítase a ligazón web para descargar o seguinte documento: *Respuesta al informe de la DXPC al EsIA y Proyecto Sectorial del PE Serra do Faro Ampliación II*, que inclúe unha adenda á avaliación de impacto arqueolóxico.

O 20.01.2022 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación deu traslado, de novo, á DXPC dun escrito presentado pola entidade promotora, Pena da Costa Eólica SL, referido á infraestrutura denominada viario V-8.

O 07.03.2022 o devandito Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, deu traslado de nova documentación á DXPC. Esta documentación é complementaria da anterior e está referida exclusivamente ao viario V-8 do Parque Eólico Monte Serra do Faro Ampliación II. O documento facilitado denomínase *Respuesta segunda complementaria al informe emitido por la DXPC en relación con el EsIA y Proyecto Sectorial PE Serra do Faro Ampliación II*.

De acordo co establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e nos apartados 1 e 2 do artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 e maio, do Patrimonio Cultural de Galicia solicítase que a DXPC emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 02.10.2017 a DXPC autorizou a arqueóloga M^a Paz Blanco Sanmartín para realizar unha *Prospección arqueolóxica para avaliación do impacto arqueolóxico da área de implantación do parque eólico Ampliación Serra do Faro II (Piñor e San Cristovo de Cea, Ourense e Rodeiro, Pontevedra)*, de acordo co proxecto de intervención presentado pola sociedade promotora ADANTIA, SL, o 18.10.2021. Este proxecto de intervención recibiu o código ED 102A 2017/592-0.

O 25.10.2021 a DXPC emitiu un informe favorable do *Estudio de Impacto Ambiental PE Serra do Faro Ampliación II, junio 2020* e mais do *Proyecto sectorial PE Serra do Faro Ampliación II, diciembre 2020*; debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Anexo H do Estudo de impacto ambiental e tendo en conta as seguintes consideracións e condicións:

- Os vieiros de acceso (e gabias de cableado) aos aeroxeradores A-6, A-7 e A-8 deberán desprazarse fóra dos contornos de protección dos xacementos Mámoa da Cruz do Paio 1 (GA 36016027) e Mámoa da Cruz do Paio 2 (GA 36015029). Os novos accesos deberán ser avaliados e informados pola DXPC.
- É necesario verificar as anomalías topográficas nas denominadas *Área de cautela de Paio, Área de cautela da Mina e Área de cautela de Raque*, xa que de confirmarse a presenza de bens arqueolóxicos condicionaría a implantación de diferentes elementos da infraestrutura eólica. A tal fin, limparase a vexetación nos puntos considerados máis sensibles de tal maneira que haxa unha correcta avaliación da zona.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso





desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións concretas necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc).

- Identifícanse os bens do patrimonio cultural que puidesen verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredeiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorárase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOGA núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no Anexo H do EIA. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola DXPC.
- Certifícase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres de obra nova relacionada co parque eólico.
- A partir dos resultados destas actuacións arqueolóxicas e do traballo de campo a DXPC, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.
- Na planimetría de clasificación urbanística proposta incluíranse e reflectiranse os bens patrimoniais identificados no EIA no seu anexo H Estudo de Impacto Cultural que non estean protexidos polo planeamento, e os seus contornos de protección. Á espera das delimitacións de protección específicas, os contornos defínense de acordo co art. 38 da LPCG.
- Os concellos afectados deberán incluír os elementos do patrimonio cultural inéditos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografiar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20, do 01.02.2021)





- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 01.12.2020)*

Análise dos novos documentos

A nova documentación remitida dá resposta a todas as consideracións feitas no informe emitido o 25.10.2021. En concreto:

- Sobre a verificación das anomalías detectadas nas áreas de cautela de Paio, Mina e Raque sinálase que *"todas as áreas cauteladas serán obxecto de control arqueolóxico, previo ao inicio das obras, unha vez que se realicen os traballos de eliminación da vexetación nestas zonas. De localizarse novos xacementos estes serán avaliados novamente. Os traballos de retirada da vexetación contarán con control arqueolóxico"*.
- Sobre a avaliación dos accesos ao PE fóra da poligonal sinálase que de ser necesaria a adecuación de accesos farase un proxecto e a súa correspondente memoria de avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, debidamente autorizada pola DXPC.
- Sobre o control arqueolóxico dos traballos de construción do parque sinálase que se farán baixo control arqueolóxico, previa autorización do proxecto de seguimento pola DXPC.
- Sobre os viarios de acceso aos aeroxeradores A-6, A-7 e A-8 que afectan os contornos de protección dos xacementos Mámoa da Cruz do Paio 1 (GA 36016027) e Mámoa da Cruz do Paio 2 (GA 36015029) propónse as seguintes modificacións na planta do parque:
 - Con respecto ao acceso ao aeroxerador A-6, propónse empregar unha ampla pista forestal, situada máis ao norte, que evita o ámbito de protección da Mámoa da Cruz do Paio 1 (GA 36016027). Asemade, a modo de adenda á Avaliación de impacto arqueolóxico recollida como Anexo H no EslA, preséntase a corresponde avaliación de impacto do novo acceso. Esta avaliación conclúe sinalando que non se atopou ningún elemento patrimonial e que se modifica a *Área de cautela de Cruz de Paio* para incorporala á zona pola que se diseña o novo viario de acceso ao aeroxerador A-6.
 - Con respecto aos accesos aos aeroxeradores A-7 e A-8, inicialmente (na resposta remitida o 16.12.2021) non se considera ningún cambio substancial na traza, aínda que si nas medidas correctoras sinalando que *"as ampliacións previstas da pista existente deben realizarse despois de que se avalíe a zona mediante sondaxes arqueolóxicas"*. Posteriormente, a promotora manda un escrito no que se compromete a proxectar unha opción alternativa para o acceso ao aeroxerador A-8 que evite construír un viario novo dentro do ámbito de protección da Mámoa da Cruz do Paio 2 (GA 36015029).
 - Na documentación remitida á DXPC o 07.03.2022 a promotora expón, a este respecto, tres alternativas. Finalmente, sinálase que a opción elixida é a indicada como Alternativa 3, que evita realizar viarios de nova traza dentro do ámbito de protección de Mámoa da Cruz do Paio 2 (GA 36015029). O novo viario de acceso ao aeroxerador A-8 iníciase uns 100 m antes do proposto inicialmente discorrendo polo ámbito de protección da Mámoa da Cruz do Paio 1 (GA 36016027), pero na maior parte do percorrido sobre terreos xa alterados por obras de cimentación dunha edificación.
 - Asemade, establécense como medidas correctoras a limpeza de vexetación baixo control arqueolóxico e a realización de sondaxes arqueolóxicas valorativas para comprobar a potencialidade arqueolóxica no tramo de viario que se proxecta dentro da área de protección da Mámoa da Cruz do Paio 1 (GA 36016027), fóra da zona alterada polas cimentacións dunha edificación.
 - A Alternativa 3 representa notables vantaxes fronte á Alternativa 2, por reducir significativamente as afeccións ambientais, a parcelas, movementos de terra de obra civil, etc. Asemade cruzaría menos parcelas e alteraría menos muros de peche destas. A este respecto, da análise da documentación pódese apreciar a existencia de valados tradicionais feitos coa





técnica de pedra en seco e que algúns destes poden verse afectados. Cómpre sinalar a este respecto que a técnica tradicional de construción de pedra en seco foi incluída no Censo do Patrimonio Cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da DXPC do 31.08.2016 (DOG núm. 186, do 29.09.2016) e tamén figura incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.

INFORME

Á vista do exposto na análise da documentación presentada e nas consideracións técnicas, considérase que a nova documentación dá conta de todos os requirimentos feitos no informe da DXPC do 25.10.2021.

Por tanto emítese un informe **favorable** de todas as modificacións realizadas, tanto aquelas que se refiren á traza dos accesos aos aeroxeradores A-6 e A-8 como as que atinxen ás medidas correctoras complementarias no contorno das Mámoas de Cruz do Paio 1 e 2, referidas na documentación presentada.

Neste senso, deberase presentar con carácter previo ao inicio das obras un proxecto de intervención arqueolóxica de sondaxes arqueolóxicas valorativas que permita comprobar a existencia/ausencia de restos arqueolóxicos nos contornos de protección das Mámoas de Cruz do Paio 1 e 2. As sondaxes deben permitir analizar a estratigrafía tanto nas zonas previsiblemente alteradas como nas zonas aparentemente non alteradas, que poidan ser afectadas por movementos de terra. O resultado desta intervención debe ser posto en coñecemento desta DXPC, como organismo competente na materia, que decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección antes do inicio das obras de construción.

Asemade no reformulo dos viarios de acceso estará presente o/a arqueólogo/a que leve a cabo o control e seguimento arqueolóxico das obras, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais de pedra en seco que se poidan ver afectados polas obras. En todo caso, procurárase axustar as obras no reformulo para que as afeccións sexan as mínimas. Tamén baixo control arqueolóxico desmontáranse os tramos de muros onde sexa preciso, e durante as labores de restauración ambiental procederáse á reintegración e remate axeitado dos tramos de muro que resulten afectados durante as obras.

Por outra banda, manteranse o resto das consideracións feitas no informe da DXPC do 25.10.2021, a saber:

- É necesario verificar as anomalías topográficas nas denominadas *Área de cautela de Paio*, *Área de cautela da Mina* e *Área de cautela de Raque*, xa que de confirmarse a presenza de bens arqueolóxicos condicionaría a implantación de diferentes elementos da infraestrutura eólica. A tal fin, limparase a vexetación nos puntos considerados máis sensibles de tal maneira que haxa unha correcta avaliación destas zonas.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións concretas necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc..). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorárase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOGA núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA núm., 150, do 06.08.1997).
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar





aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no Anexo H do EIA. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.

- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola DXPC.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres de obra nova relacionada co parque eólico.
- A partir dos resultados destas actuacións arqueolóxicas e do traballo de campo a DXPC, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

Toda vez que este informe emítese dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural (BIC) ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, a entidade promotora ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 3 – 2º
15781 Santiago de Compostela

*Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
Documentación adicional ao EslA&PS PE Serra do Faro Ampliación II
Rodeiro e Dozón (Pontevedra), Piñor e S. Cristovo de Cea (Ourense)*

